

IES RICARDO CARBALLO CALERO



PROXECTO EDUCATIVO

xuño 2017

PROXECTO EDUCATIVO

ÍNDICE

1.	INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN DO PROXECTO EDUCATIVO.....	3
1.1.	O centro e as súas instalacións.	3
1.2.	O alumnado e familias.	5
1.3.	Normativa de referencia.....	7
2.	FINS E OBXECTIVOS EDUCATIVOS. MISIÓN E VISIÓN.....	9
2.1.	Obxectivos educativos do centro.....	9
2.2.	Estratexias para cumprir os obxectivos do centro.	10
3.	CONCRECIÓN CURRICULAR.....	12
3.1.	Adaptación dos obxectivos de etapa ás características do centro e do alumnado.	12
3.2.	Principios metodolóxicos	15
3.3.	Concreción dos perfís competenciais	16
3.4.	Criterios para os agrupamentos de alumnado.....	16
3.5.	Organización de espazos e tempos. Materiais e recursos didácticos	17
3.6.	Criterios xerais sobre procesos e procedementos de avaliación	18
3.7.	Criterios para introducir os valores e elementos transversais	19
3.8.	Principios que inspiran o proxecto coeducativo do centro en relación coa igualdade.....	20
3.9.	Medidas para o fomento da igualdade e non discriminación no ámbito curricular.	20
3.10.	Directrices para incluír a coeducación nos aspectos curriculares.....	21
3.11.	Criterios xerais sobre promoción e titulación.....	22
3.12.	Plan específico para o alumnado con materias pendentes e alumnado repetidor.....	23
3.13.	Liñas xerais de atención á diversidade	23
3.14.	Liñas xerais do Plan de Orientación e Plan de Acción Titorial.	24
3.15.	Coordinación entre o departamento de Orientación e as titorías.	26
3.16.	Prioridades de actuacións das dinamizacións.....	26
3.17.	Documentos curriculares. Programacións didácticas. Programación de ACS.....	26
3.18.	Seguimento, avaliación e actualización da concreción curricular	28
4.	OFERTA EDUCATIVA. ACTIVIDADES E SERVIZOS.....	29
4.1.	Oferta educativa.....	29
4.2.	Actividades e programas que ofrece.	32
5.	FORMAS DE COLABORACIÓN E PARTICIPACIÓN ENTRE OS DISTINTOS SECTORES DA COMUNIDADE EDUCATIVA.	34
6.	NORMAS DE ORGANIZACIÓN, FUNCIONAMENTO E CONVIVENCIA.	35
7.	MECANISMOS E INDICADORES DE AVALIACIÓN DO PE.....	35
8.	ASPECTOS BÁSICOS DOS DIFERENTES PROXECTOS DO CENTRO.	37
9.	PUBLICIDADE E DIVULGACIÓN DO PE.	44
10.	ANEXOS.	44

PROXECTO EDUCATIVO

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN DO PROXECTO EDUCATIVO.

O proxecto educativo recolle os valores, obxectivos e prioridades de actuación que o centro pretende alcanzar, partindo da súa realidade e tomando como referencia as normas legislativas relativas aos principios que orientan cada unha das etapas educativas que se imparten no centro.

É un documento aberto, sometido a cambios legislativos e sociais contextuais da comunidade educativa onde se desenvolve.

O anterior PEC, que data do curso 2007-2008, permanece como marco de referencia e punto de partida para este novo proxecto que se desenvolveu como parte do traballo dentro dun PFPP.

1.1. O centro e as súas instalacións.

O IES Ricardo Carballo Calero é un centro público que oferta ensinanzas de ESO, Bacharelato e ciclos formativos da familia profesional de Imaxe Persoal.

Está ubicado no centro do barrio de Caranza, e ten a súa entrada principal pola Avda. Castelao.

A construción do barrio de Caranza en Ferrol data dos anos setenta do século pasado e, para atender as necesidades de escolarización en ensino secundario que o novo barrio demandaba, construíuse nos anos oitenta o instituto de bacharelato, actualmente I.E.S. Ricardo Carballo Calero.

O noso centro, por tanto, creouse para impartir o antigo bacharelato (B.U.P) e o curso de acceso á universidade (C.O.U.), e aos poucos anos necesitou unha ampliación de varias aulas para poder atender o continuo aumento de matrícula que se producía.


No ano 1996 o claustro e o consello escolar do centro aprobaron a incorporación voluntaria á E.S.O. e aos novos bacharelatos, o que supuxo a creación de varias aulas específicas. O noso instituto seguiu ampliándose coa incorporación de tres ciclos da familia profesional de Imaxe Persoal nos anos 1999 e 2003, o que fixo que se dotase ao centro de talleres de estética e talleres de peiteado.

PROXECTO EDUCATIVO

En 2008 vólvese a ampliar a oferta educativa do instituto ao ser designado como un dos sete centros galegos que imparten o novo bacharelato de Artes escénicas, Música e Danza, que comeza a impartirse no curso 2008-09.

A traxectoria como centro participante en proxectos de innovación, o compromiso e implicación de profesorado en procesos de mellora, a oferta ampla e variada das actividades extraescolares, a relación do centro co entorno, os resultados académicos nas PAU do alumnado de bacharelato ou a integración no mundo laboral do alumnado de Imaxe Persoal son algunhas das fortalezas do centro.

Plano do IES.



PROXECTO EDUCATIVO

O recinto escolar é de 9044 m² con acceso directo a tres rúas. O edificio ten soto e tres plantas cunha estrutura simétrica formada por tres bloques cúbicos. Por se tratar dunha construción recente(1989) presenta os requisitos mínimos propios dos edificios públicos para situacións de emerxencia e acceso de discapacitados.

Debemos sinalar como aspecto negativo a carencia dun salón de actos, espazo indispensable que cumpre unha función multidisciplinar e que no noso caso resulta aínda máis evidente xa que a Artes Escénicas constitúen un medio privilexiado para alcanzar unha educación integral porque facilitan a aprendizaxe de valores como o esforzo, a colaboración, o traballo en equipo, a orde e a autodisciplina.

Para o alumnado de Imaxe Persoal suporía unha motivación na súa formación e un pulo cara á súa inserción no mundo laboral ao poder mostrar o seu traballo profesional.

1.2. O alumnado e familias.

O instituto atende na etapa obrigatoria a unha parte da poboación dos barrios de Caranza, Telleiras e O Bertón, xa que nesta zona se conta con con dous centros concertados que imparten a ESO. O único centro adscrito ao noso IES é o colexio de Educación Infantil e Primaria Manuel Masdías

A estudar o bacharelato, ademais do alumnado propio que continua despois da ESO, acode alumnado dos centros concertados Santa Juana de Lestonac e La Salle e tamén doutras zonas da cidade, fundamentalmente a estudar a modalidade de Artes.

O alumnado de ciclos formativos procede de toda a comarca. Ten como centro adscrito a academia de perrucaría Suso Añón.

O perfil de alumnado é moi heteroxéneo, xa que responde ás diferentes capas sociais presentes no barrio. Loxicamente é na ESO, dado o seu carácter obrigatorio, onde se ve máis reflectida esta heteroxeneidade.

Nunha porcentaxe significativa do alumnado que accede á ESO, procedente de grupos sociais desfavorecidos, detéctanse deficiencias curriculares graves, sobre todo nas áreas instrumentais, cunha motivación moi baixa para o traballo intelectual e condicións familiares que non garanten un control do traballo escolar fóra do centro.

O centro atende a este alumnado con medidas de atención á diversidade que, non en todos os casos resultan suficientes.

PROXECTO EDUCATIVO


O alumnado que accede aos bacharelatos e ciclos formativos procede de familias de clase media ou media-baixa que presentan en xeral un maior compromiso cara á súa educación con máis motivación e sen problemas de inclusión.

No alumnado que accede ao programa de Formación Profesional Básica detéctase problemas de conduta e de motivación, resultando especialmente conflitivo nos módulos con forte carga teórica.

De forma xeral o alumnado e ás súas familias valoran positivamente as instalacións e a convivencia que, segundo se reflicte nos informes de convivencia, mellorou estes últimos anos.

Igualmente positiva é a valoración das actividades extraescolares.

Organigrama do IES



PROXECTO EDUCATIVO

1.3. Normativa de referencia.

- Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación e Lei orgánica 8/ 2013 do 9 de decembro.
- Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da ESO e BAC na CA de Galicia(DOG do 29 de xuño)
- Resolución do 15 de xullo de 2016, da DXEFPIE, pola que se ditan instrucións para a implantación, no curso académico 2016/17, do currículo establecido no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, da ESO e do BAC nos centros docentes da CA de Galicia. (DOG 1 de agosto)
- LEI 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa. (DOG 15 xullo)
- Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar. (DOG do 27 de xaneiro).
- Decreto 324/1996, do 26 de xullo, polo que se aproba o ROC dos IES. (DOG do 9 de agosto)
- Orde do 1 de agosto de 1997 pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento do Decreto 324/1996 polo que se aproba o ROC dos IES e se establece a súa organización e funcionamento. (DOG do 2 de setembro).
- Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia. (DOG do 25 de maio).
- Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da CA de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na LO 2/2006, do 3 de maio, de educación (DOG do 21 de decembro)
- Decreto 120/1998, do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na CA de Galicia. (DOG do 27 de abril)
- Decreto 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da FP do sistema educativo de Galicia. (DOG do 12 de xullo)

PROXECTO EDUCATIVO

- Orde do 28 de febreiro de 2007 pola que se regula o módulo profesional de FCT da formación profesional inicial, para o alumnado matriculado en centros educativos da CA de Galicia. (DOG do 8 de marzo).
- Decretos 178/2012, 231/2012, 203/2013 polos que se establecen os currículos dos ciclos formativos da familia profesional de Imaxe Persoal.
- Resolucións da DXEFPIE, pola que se regulan, para cada curso escolar contratos- programa con centros docentes e se establecen as bases para a convocatoria e selección de plans dirixidos á mellora do éxito escolar nos centros docentes de educación infantil, primaria e secundaria dependentes desta consellería.
- Orde pola que se aproba o calendario escolar para cada un dos cursos académicos nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia
- Instrucións da DXCRH en relación coa organización e o funcionamento das bibliotecas escolares, durante os cursos escolares nos centros docentes de niveis non universitarios, de titularidade da Consellería de Cultura, Educación e O.U.
- Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da CA de Galicia en materia de igualdade. (DOG do 17 de febreiro de 2016).
- Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia Secretaría Xeral da Igualdade (Vicepresidencia e C. Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza), Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. [20/10/2016]
- Orde do 17 de xullo de 2007 pola que se regula a percepción da compoñente singular do complemento específico por función titorial e outras funcións docentes. (DOG do 24 de xullo).

PROXECTO EDUCATIVO

2. FINS E OBXECTIVOS EDUCATIVOS. MISIÓN E VISIÓN.

Os principios, os fins e obxectivos da educación que caracterizan ao noso centro teñen como base legislativa os artigos 1 e 2 da lei 2/2006 do 3 de maio e lei 8/2013 do 9 de decembro e incorporan os obxectivos e a filosofía propia do noso centro:

Entendemos o respecto como primeiro principio exigible entre todas as persoas que formamos esta Comunidade Educativa.

A misión do IES Ricardo Carballo Calero é a formación integral do noso alumnado, para que sexan persoas libres, tolerantes e solidarias, con espírito crítico, respecto co contorno e satisfacción na aprendizaxe, e que valoren e estimen a súa realidade lingüística e cultural, co fin de que se integren na sociedade e de que a formación académica e técnica recibida lles permita acceder a estudos posteriores, ao mundo laboral ou crear a súa propia empresa.

A vocación do IES Ricardo Carballo Calero é ser un centro de referencia no barrio de Caranza e na comarca de Ferrolterra, integrado na vida e nas actividades do barrio e en contacto permanente coas empresas da familia profesional de imaxe persoal da nosa zona de influencia. Aspiramos como fin máximo o logro dunha ensinanza de calidade baseada na transparencia da información, no traballo en equipo e na participación e satisfacción do noso alumnado e as súas familias e das empresas colaboradoras. Todo isto desde a perspectiva da misión do noso centro de formar boas persoas e bos profesionais.

2.1. Obxectivos educativos do centro.

- Promover o desenvolvemento integral do alumnado.
- Fomentar o esforzo, interese e o traballo responsable e en equipo co obxecto de conseguir o éxito escolar.
- Favorecer a tolerancia e o respecto, a igualdade, a solidariedade e rexeitamento a calquera tipo de discriminación.
- Potenciar a comunicación entre todos os integrantes da comunidade educativa a través de canles de participación democrática.
- Incentivar a innovación e novas tecnoloxías no centro.

PROXECTO EDUCATIVO

- Crear unha conciencia de respecto ao medio ambiente e un compromiso de actuación neste campo.

2.2. Estratexias para cumprir os obxectivos do centro.

- **Bo clima de traballo:** Crear as condicións precisas para que alumnado e profesorado traballen nun ambiente agradable.
- **Actitude positiva:** Potenciar as habilidades e boas calidades de cada persoa, facilitar a asunción de responsabilidades e valorar positivamente o traballo ben feito.
- **Creatividade:** Estar abertos a calquera innovación educativa e promover a creatividade como medio apropiado para atopar solucións aos problemas.
- **Tibi metis:** Estender entre alumnado e profesorado a idea de que o primeiro e principal beneficiario da súa actitude e do seu traballo é a persoa mesma.
- **Traballo en equipo:** Favorecer moi especialmente o traballo en equipo e a mutua cooperación, no convencemento de que o rendemento é maior e de que se fomentan a tolerancia e a solidariedade.
- **Información:** Ofrecer información transparente e obxectiva da xestión interna do instituto.
- **Participación:** Crear os mecanismos oportunos para que a participación dos integrantes da comunidade escolar sexa constante e enriquecedora, na idea de que todos e todas sintamos o instituto como algo propio.
- **Fomento da práctica de hábitos saudables:** A través de actividades e participación en programas específicos promover os hábitos de vida saudable, o consumo responsable, o contacto coa natureza e o respecto polo medio ambiente
- **Metodoloxía activa:** Variada e diversa combinando e alternando diferentes tipos de actividades e agrupamentos co obxecto de favorecer a capacidade do alumnado de aprender por sí mesmo.

PROXECTO EDUCATIVO

- **Trato personalizado:** Atender as necesidades do alumnado e as súas familias e das empresas colaboradoras mediante unha comunicación constante e un trato personalizado e con respostas áxiles e flexibles.
- **Uso do galego:** Crear un clima favorable á utilización oral e escrita do noso idioma para elevar o seu uso.
- **Atención á diversidade:** Atender á diversidade curricular a fin de que o noso alumnado remate con éxito a súa formación.
- **Formación do profesorado:** Impulsar a formación continua e de calidade do profesorado.
- **Optimización dos recursos:** Promover a modernización das nosas instalacións e dos nosos recursos, con especial atención á actualización tecnolóxica.
- **Relacións intercentros:** Establecer visitas e actividades conxuntas con outros centros educativos para enriquecernos mutuamente cos recursos dispoñibles por cada centro.
- **Contacto co próximo:** Manter relacións con outras institucións públicas ou privadas do barrio, da cidade e da comarca.
- **Programas europeos:** Participar en actividades de integración na cultura europea para desenvolver o interese polos países do noso contorno e promover a utilidade da aprendizaxe de idiomas.
- **Antigo alumnado:** Establecer unha relación continua co antigo alumnado que permita fortalecer os lazos co centro.

PROXECTO EDUCATIVO

3. CONCRECIÓN CURRICULAR.

3.1. Adaptación dos obxectivos de etapa ás características do centro e do alumnado.

Educación secundaria obrigatoria

Esta etapa educativa contribuirá, mediante as estratexias de centro, a desenvolver as capacidades que lle permita ao alumnado conseguir os obxectivos descritos no artigo 10 do *DECRETO 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.*

Tendo en conta as características do centro, consideramos fundamental que o alumnado adquira unha conciencia de non discriminación afianzando a igualdade de trato e de oportunidades, o fomento do respecto á diversidade cultural e o fomento da tolerancia e solidariedade.

A práctica docente deberá insistir na importancia da aprendizaxe mediante o traballo individual e colectivo:

- Potenciando o uso pedagóxico dos medios de información e o uso das novas tecnoloxías no tratamento da información e comunicación.
- Fomentando a interrelación entre as diferentes áreas do currículo.
- Participando na educación para a saúde co obxectivo de crear no alumnado hábitos de hixiene e coidado persoal, hábitos deportivos, hábitos alimentación saudable.
- Inculcando o respecto e coidado do medio ambiente e paisaxe.

Ao alumnado que presenta dificultade en conseguir os obxectivos desta etapa obrigatoria prestaráselle as máximas medidas de apoio educativo posibles que permita a dispoñibilidade organizativa do centro. O departamento de Orientación ten asignada como función esencial neste ámbito a colaboración co profesorado na elaboración de propostas relativas ao conxunto de medidas de atención á diversidade, de carácter xeral e específico, que se poidan levar a cabo no Instituto, para mellorar o proceso de ensinanza e aprendizaxe da totalidade do alumnado.

PROXECTO EDUCATIVO

Bacharelato

O conxunto dos obxectivos descritos no artigo 26 do decreto *DECRETO 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia* debe ser asumido por todo o profesorado e reflectirse con coherencia en cada unha das programacións didácticas. A práctica docente debe favorecer no alumnado:

- A consolidación dunha madureza persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma con espírito crítico, exercendo a cidadanía democrática.
- O fomento da igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, impulsando a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.
- A orientación e preparación para estudos superiores.

Ciclos formativos

No caso dos ciclos formativos, a adecuación dos obxectivos ao contexto socioeconómico do centro e ás características do alumnado resulta difícil porque o feito de ser o único centro público da cidade e da comarca que ofrece os ciclos da familia profesional de Imaxe Persoal define a característica principal do alumnado: a heteroxeneidade, que se fai evidente na avaliación inicial ao inicio de cada curso en canto a procedencia formativa, situación socioeconómica familiar, situación persoal e laboral e motivación respecto aos estudos escollidos.

O equipo docente deberá facer un esforzo por dirixir e adecuar as ensinanzas ao maior número de alumnos e alumnas posibles para que poidan alcanzar os obxectivos xerais ao finalizar os ciclos formativos que se recollen nos *Decretos 178/2012, 231/2012, 203/2013 polos que se establecen os currículos dos ciclos formativos da familia profesional de Imaxe Persoal*.

Tendo en conta que o sector empresarial esixe profesionais non só con coñecementos en procedementos especializados, senón tamén con capacidade para abranguer un número amplo de tarefas e de orientación á clientela, faise imprescindible fomentar as actitudes favorables cara á autoformación e cara á responsabilidade, no referido tanto á importancia da calidade coma da seguridade e

PROXECTO EDUCATIVO

hixiene no traballo, prevención de riscos laborais, o consumo responsable e o respecto polo ambiente.

Debe propiciarse a autonomía no traballo individual e a integración do traballo en grupo prestándolle especial atención ás relacións no entorno de traballo e a análise do sector empresarial de imaxe persoal con actividades complementarias e extraescolares de carácter formativo que faciliten a integración do alumnado no mundo laboral.

Unha vez identificadas as empresas da zona relacionadas coa formación a impartir, determinar os produtos e servizos máis característicos que ofrecen, as tecnoloxías e sistemas organizativos empregados nas mesmas e coñecer as ocupacións relacionadas coa formación que impartimos, podemos concluír que a adecuación dos obxectivos á demanda laboral das empresas non resulta factible. A tipoloxía de empresa no sector de Imaxe Persoal que predomina na zona na que se incorpora o alumnado dos ciclos no período de Formación en centros de traballo responde a empresas dun tamaño moi pequeno que demandan un perfil profesional que asuma diversas tarefas, frecuentemente combinando os obxectivos de dous ciclos formativos de grao medio distintos (peiteado e estética) e incluso mesturando os obxectivos dun ciclo medio co dun ciclo superior.

Ademais no caso do alumnado do ciclo superior de Estética Integral e Benestar, resulta aínda máis complexo, posto que o perfil profesional deste título marca unha evolución cara as competencias relacionadas coas técnicas que potencien os coidados da imaxe persoal a través do benestar e da promoción da saúde. Os futuros profesionais contan con coñecementos de hábitos saudables, unha maior especialización, entre outras, en técnicas manuais estéticas e técnicas hidrotermais. Tendo en conta o exposto podemos concluír que na comarca non existe un número suficiente de empresas especializadas en todas ás áreas que abarca o perfil profesional. Esta carencia súplese ofrecéndolle ao alumnado interesado a posibilidade de integrarse no período de formación en centros de traballo nun centro especializado situado fóra da comarca, incrementando así as súas posibilidade de atopar un emprego relacionado cos estudos cursados.

PROXECTO EDUCATIVO

3.2. Principios metodolóxicos

A práctica docente debe potenciar a adquisición das competencias clave mediante a adopción de distintos ritmos e estilos de aprendizaxe, con atención individualizada a través de medidas de atención á diversidade dentro das posibilidades do grupo e dispoñibilidade do centro.

As propostas metodolóxicas desenvolvidas desde as diferentes áreas de coñecemento procurarán favorecer as capacidades do alumnado para **aprender por se mesmo**, para **traballar en equipo** e para aplicar os métodos apropiados de investigación en **contextos reais e significativos**. Estamos a falar de metodoloxías **adaptadas ás características do noso alumnado**, que se desenvolven mediante **actividades diversificadas** de acordo coas súas capacidades.

Tal e como se recolle no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia **o traballo por proxectos, os estudos de casos, a aprendizaxe baseada en problemas, as experiencias de aprendizaxe e servizo, as prácticas de aprendizaxe colaborativa, as prácticas de ensinanza e aprendizaxe baseadas no pensamento crítico e creativo e as experiencias en comunidades de aprendizaxe** serían propostas axeitadas para acadar os obxectivos destas etapas educativas. Diferentes enfoques pedagóxicos encamiñados a facilitar o proceso de ensino-aprendizaxe a partir de problemas e situacións reais que requiren adaptar os procedementos e instrumentos de avaliación a tales presupostos. O Centro acumula experiencia neste tipo de proxectos –non necesariamente complexos e ambiciosos– que están a demostrar a súa capacidade de incentivar aprendizaxes altamente significativos. Igualmente, desde o Centro fomentaranse **estratexias de aprendizaxe participativas** baseadas na **interdisciplinariedade**, subliñando as interrelacións entre todos os contidos curriculares. Estratexias que, desde o rigor científico, fomenten o **desenvolvemento das competencias clave** a través da **proxección práctica** dos contidos e a da súa **aplicación ao entorno**, co fin de garantir a **funcionalidade das aprendizaxes**.

En todas as materias planificaranse actividades que fomenten a comprensión lectora e a expresión oral e escrita.

A educación en valores deberá formar parte dos procesos de ensino e aprendizaxe por ser un dos elementos relevantes na educación do alumnado.

Potenciarase o coñecemento de ferramentas encamiñadas a superar estereotipos e prácticas sexistas, que potencien a igualdade e preveñan a violencia de xénero, contando coa participación da persoa encargada da coeducación.

PROXECTO EDUCATIVO

As actividades complementarias e extraescolares úsanse como instrumento para favorecer a aprendizaxe e a convivencia.

No bacharelato e ciclos formativos a metodoloxía empregada favorecerá o pensamento autónomo, crítico e rigoroso, o uso de técnicas e hábitos de investigación en distintos campos do saber, a capacidade do alumnado de aprender por si mesmo, así como a transferencia e a aplicación do aprendido.

As tecnoloxías da información e da comunicación serán unha ferramenta relevante para a aprendizaxe en todas as materias, tanto polo seu carácter imprescindible na educación superior como pola súa utilidade e relevancia para a vida cotiá e a inserción laboral.

3.3. Concreción dos perfís competenciais

Cada departamento selecciona e reflicte na programación didáctica os estándares de aprendizaxe de cada área que interveñen na adquisición de competencias clave. Será a Comisión de Coordinación Pedagóxica a encargada de consensuar e definir os perfís competenciais de cada nivel. O seu traballo é fundamental para garantir un axeitado equilibrio no desenvolvemento das diferentes competencias claves, e que as metodoloxías, procedementos e instrumentos para a súa avaliación sexan axeitadas.

3.4. Criterios para os agrupamentos de alumnado

No caso de haber dous grupos do mesmo nivel na ESO procurarase agrupar ao alumnado segundo os criterios:

- Equilibrio no número de alumnado por grupo.
- Heteroxeneidade dos grupos respecto as súas capacidades intelectuais.
- Distribución equitativa do alumnado repetidor entre os dos grupos dese nivel.
- Reparto equitativo do alumnado que precise medidas de atención á diversidade.

Unha vez iniciado o curso escolar e cando sexa necesario o Equipo Educativo, co asesoramento do Departamento de Orientación, poderá propoñer agrupamentos do

PROXECTO EDUCATIVO

alumnado como medida de atención á diversidade: grupos flexibles nas materias instrumentais, apoio na aula como medida inclusiva, actividades de reforzo e programas de adaptación curricular.

Nos grupos de bacharelato, aínda seguindo os mesmos criterios xerais, procurarase conseguir por unha parte respectar o máximo posible a elección de itinerarios e optativas do alumnado e por outra parte optimizar os recursos dispoñibles, tanto de profesorado como materiais.

3.5. Organización de espazos e tempos. Materiais e recursos didácticos

As actividades lectivas desenvólvense entre as 8:30 e as 14:10 horas pola mañá e entre as 16:30 e as 19:00 horas en xornada de tarde.

Os períodos lectivos son de 50 minutos e hai dous períodos de lecer polas mañás de 20 minutos cada un deles.

A xornada escolar para o alumnado de ESO, bacharelato e FP Básica consta de 32 períodos lectivos (todas as mañás de luns a venres e a tarde do martes), mentres que para ciclos formativos chega aos 36 períodos lectivos (todas as mañás e dúas tardes).

A tarde dos xoves resérvase para reunións de traballo dos órganos colexiados, para actividades de profesorado ou xornadas de acollida. As tardes dos luns e mércores resérvanse para as actividades dos distintos programas nos que participa o centro co alumnado de ESO e bacharelato.

No referente aos recursos e materiais, todas as aulas de grupo onde se desenvolven as actividades lectivas contan con encerado dixital e proxector no seu equipamento. As aulas específicas de informática son de uso compartido polo que na sala de profesorado se dispón dun caderno onde se pode reservar o uso da mesma.

A organización temporal das materias realízase de acordo aos criterios pedagóxicos de elaboración de horarios aprobados antes do inicio de cada curso escolar. En xeral os espazos son suficientes para atender as necesidades organizativas ordinarias das materias en ESO e bacharelato. Aínda que se carece dun espazo común –salón de actos- para o desenvolvemento de actividades xerais de natureza interdisciplinar –conferencias, charlas ou relacionadas co bacharelato de artes–actuacións musicais, teatro-.

PROXECTO EDUCATIVO

No caso dos ciclos formativos a xestión e dispoñibilidade dos espazos supoñen un condicionante á hora de confeccionar os horarios.

Finalmente, na selección dos materiais curriculares procurárase que sexan variados, máis alá do libro de texto como recurso exclusivo e adecuados ao contexto socio-educativo e aos obxectivos propostos neste proxecto. Organizaranse tendo en conta a adecuada progresión de obxectivos e contidos procurando atender as diferenzas individuais do alumnado.

3.6. Criterios xerais sobre procesos e procedementos de avaliación

Entendemos a avaliación como un proceso inherente á propia práctica docente, que nos permite regular o proceso, determinar o punto de partida, consolidar éxitos, mellorar erros e establecer o nivel de desempeño de todo o noso alumnado en cada un dos estándares traballados. Empregaranse diferentes **procedementos**, para a recolleita de información sobre a adquisición de competencias clave e o logro dos criterios de avaliación e dos estándares de aprendizaxe. Pola súa banda, os **instrumentos** de avaliación, é dicir, todos os documentos ou rexistros utilizados polo profesorado para a observación sistemática e o seguimento do proceso de aprendizaxe do alumnado, se adaptarán aos diferentes perfís competenciais e de áreas.

Na etapa de ESO a avaliación realízase preferentemente a través da observación continuada do proceso de aprendizaxe de cada alumno ou alumna mediante instrumentos de avaliación variados:

- Seguimento das actividades diarias do alumnado na aula: cartafol, diarios,
- Probas obxectivas escritas que evidencian os distintos graos de execución das aprendizaxes.
- Actividades de investigación, busca e manexo de información encargada ao alumnado. Neste enfoque competencial, é preciso utilizar instrumentos que nos permitan observar competencias. Se entendemos a “competencia” como a aplicación dun contido na resolución dun problema complexo relacionado coa vida real, resulta obvia a necesidade de deseñar e “utilizar” problemas e situacións reais dentro do proceso de ensino-aprendizaxe. Entre os instrumentos que se aplicarán: matrices de avaliación, rúbricas.

Correspóndelle a cada departamento didáctico concretar estes instrumentos, así como valorar con claridade a porcentaxe que aporta cada un deles á avaliación.

PROXECTO EDUCATIVO

Na etapa de Bacharelato e ciclos os procedementos de avaliación con carácter xeral deberán incidir nas tarefas e actividades que fomenten o traballo en equipo, na busca e selección da información e na investigación e autonomía persoal no proceso de aprendizaxe do alumnado.

3.7. Criterios para introducir os valores e elementos transversais

No contexto do establecido polo artigo 4 do Decreto 6/2015, de 25 de xuño, respecto aos elementos transversais, o noso centro seguirá a potenciar todas aquelas estratexias colexiadas e interdisciplinares que, a través de proxectos ou tarefas integradas, procuren a introdución da totalidade destes elementos no desenvolvemento curricular. Non obstante, farase con maior intensidade no que respecta á comprensión lectora, expresión oral e escrita, comunicación audiovisual e TIC, educación cívica e constitucional, abuso e maltrato das persoas con discapacidade e o desenvolvemento sostible. E no Bacharelato, sumaranse aos anteriores, o emprendemento e desenvolvemento e afianzamento do espírito emprendedor, xunto ao resto dos elementos recollidos no antedito decreto.

Máis alá do seu obrigado traballo desde as diferentes materias no seu desenvolvemento curricular ordinario, estes proxectos interdisciplinares dos que estamos a falar, procurarán integrar a meirande partes destes elementos a través da consecución de produtos sociais relevantes que supoñan un auténtico enfoque competencial. Esta liña de actuación do Centro será secuenciada ao longo de todo o percorrido formativo nas etapas de ESO e Bacharelato e as apartacións desde cada materia/área recolleranse nas diferentes programacións dos departamentos.

En ciclos formativos cobra especial valor a educación cívica que pretende educar no pluralismo, entendendo a diversidade como un valor enriquecedor: o respecto pola autonomía, ideas e opinión dos demais compañeiros e compañeiras e o traballo en equipo. Procurarase fomentar con especial interese o desenvolvemento do espírito emprendedor, a educación ambiental e para a saúde e educación para o consumidor.

PROXECTO EDUCATIVO

3.8. Principios que inspiran o proxecto coeducativo do centro en relación coa igualdade.

Coa finalidade de dar cumprimento ao establecido na lexislación vixente en materia de igualdade, o centro adoptará as medidas conducentes a lles proporcionar tanto ás alumnas como os alumnos, unha educación para a igualdade baseada nos seguintes principios:

- **Transversalidade:** a igualdade de xénero como un principio transversal e sempre presente na actividade educativa.
- **Sociedade igualitaria:** a construción dunha sociedade na que homes e mulleres sexan iguais empregando a educación como medio para combater todas as formas de discriminación.
- **Obxectivo “violencia 0 nas aulas e na sociedade”:** É imprescindible a sensibilización e a concienciación na comunidade educativa do problema da violencia de xénero na nosa sociedade e a loita pola súa total desaparición.
- **Inclusión e integración da diversidade.** A educación para a aceptación da diversidade sexual e a integración plena de todas as persoas na comunidade educativa e na sociedade sen que inflúa a súa opción afectiva ou sexual.

3.9. Medidas para o fomento da igualdade e non discriminación no ámbito curricular.

- Valorar os contidos e materiais utilizados no proceso educativo para evitar incluír elementos sexistas e anular “modelos” femininos.
- Destacar o papel das mulleres na historia, ciencia e cultura, introducindo figuras femininas relevantes dentro dos contidos.
- Reforzar o desenvolvemento integral das alumnas e alumnos en igualdade a través dos contidos educativos.
- Fomentar as vocacións buscando evitar as decisións profesionais derivadas de prexuizos
- Dentro das conmemoracións do calendario escolar, fomentar a igualdade e non discriminación.

PROXECTO EDUCATIVO

3.10. Directrices para incluír a coeducación nos aspectos curriculares.

O centro comprométese a desenvolver co alumnado, os seguintes aspectos e capacidades conforme ao previsto no artigo 10 de Decreto 86/2015, de xeito que lles permita **na etapa de ESO**:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- c) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- d) Asemade, conforme ao establecido no artigo 16.4 do referido decreto, a orientación educativa garantizará ao longo da etapa un axeitado asesoramento ao alumnado para favorecer a súa continuidade no sistema educativo ou, se for o caso, unha orientación profesional. En todo caso, a orientación educativa atenderá ao principio de igualdade entre homes e mulleres.

Ao respecto dos **obxectivos xerais do Bacharelato**, o centro terá especial consideración co establecido no artigo 26, alínea c) do referido decreto, levando a cabo as accións necesarias para que esta etapa contribúa a desenvolver de forma efectiva no alumnado, as capacidades que lle permitan:

- a) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres,
- b) Analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller.

PROXECTO EDUCATIVO

- c) Impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.

En **ciclos formativos**, segundo se establece nos decretos polos que se establece os currículos dos ciclos formativos da familia profesional de Imaxe Persoal, será un dos obxectivos xerais analizar e valorar a participación, o respecto, a tolerancia e a igualdade de oportunidades para facer efectivo o principio de igualdade entre mulleres e homes.

Mediante a implicación directa do profesorado, o cumprimento destes obxectivos desenvolveranse a través de distintas iniciativas:

- Actividades de reflexión acerca da igualdade de oportunidades desde as distintas materias e módulos.
- Establecemento de dinámicas de traballo e prácticas que involucran ao alumnado a participar de forma igualitaria.
- Utilización de linguaxe non sexista en carteis e documentos de traballo presentados polo alumnado.

3.11. Criterios xerais sobre promoción e titulación

Segundo os criterios establecidos na lexislación vixente:

Artigos 23 e 24 para o alumnado de ESO, artigos 34-37 para o alumnado de bacharelato Decreto 8/2015 do 25 de xuño polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia,

Artigos 20 e 22 da ORDE do 13 de xullo de 2015 pola que se regulan as ensinanzas de formación profesional básica na Comunidade Autónoma de Galicia, así como o acceso e a admisión nestas ensinanzas.

Artigos 30-33 da ORDE do 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial.

PROXECTO EDUCATIVO

- Non se valorarán as excepcionalidades previstas no Decreto cando o alumnado demostre un abandono manifesto da materia (exames en branco, desprezo verbal explícito, NP sen causa xustificada....).
- Con carácter xeral, na decisión da Xunta de Avaliación terase en conta, preferentemente, o criterio do docente da materia.
- Nas excepcionalidades previstas para as materias instrumentais terase en conta tamén a valoración competencial lingüística e matemática no resto das materias cursadas polo alumnado.

3.12. Plan específico para o alumnado con materias pendentes e alumnado repetidor.

O alumnado que promocióne sen ter superadas todas as materias, seguirá un programa de reforzo destinado á recuperación das aprendizaxes non adquiridas.

Correspóndelle a cada departamento didáctico a organización destes programas, que serán incluídos nas programacións, e no que deberán indicarse:

- As actividades programadas para realizar o seguimento, asesoramento e atención personalizada do alumnado.
- Os instrumentos ou estratexias de avaliación (traballos, probas parciais...)
- A temporalización
- Os criterios de avaliación e cualificación das materias pendentes

No caso dos ciclos formativos, a través do equipo docente, desenvolverá o currículo mediante a elaboración das programacións didácticas, prestando especial atención a determinar e planificar as actividades de reforzo e mellora que lle permitan ao alumnado superar os módulos profesionais pendentes.

3.13. Liñas xerais de atención á diversidade

A atención á diversidade abrangue a todo o alumnado do centro xa que se entende por diversidade ás diferenzas que presenta o alumnado ante as aprendizaxes escolares e ás distintas causas a que pode atribuírse.

PROXECTO EDUCATIVO

A resposta educativa á diversidade leva consigo un amplo abano de medidas que implican ao equipo directivo, ao departamento de orientación e á totalidade do profesorado.

O documento marco que regula a atención á diversidade no IES Carballo Calero é o Plan de Atención á Diversidade que forma parte, como anexo, do presente Proxecto Educativo. Anualmente, o Departamento de Orientación elaborará a proposta de concreción anual deste plan, que se incluírá na Programación Xeral Anual. Por outra parte, as programacións docentes das distintas materias incluírán un apartado coa denominación de “Medidas de atención á diversidade”.

O procedemento a seguir para pór en funcionamento as medidas de atención á diversidade incidirá en momentos / procesos clave:

- Proceso de transición de primaria a secundaria.
- A avaliación de necesidades ao comezo de cada curso académico e o deseño das medidas de atención á diversidade para o curso en vigor.
- A avaliación inicial .
- As avaliacións parciais e a avaliación final e extraordinaria.
- Ao final do curso, xa que se recollerán na memoria anual aspectos susceptibles de modificación para o ano seguinte.

3.14. Liñas xerais do Plan de Orientación e Plan de Acción Titorial.

O Plan de Orientación Académico-Profesional é o documento que regula todas aquelas actuacións encamiñadas a facilitar a toma de decisións relativas ao futuro académico e profesional do alumnado. Forma parte, como anexo, do Proxecto Educativo e a concreción anual farase ao comezo de cada curso académico e reflectirase na Programación Anual do Departamento de Orientación.

Tendo en consideración os distintos tipos de ensinanzas que se ofertan no centro (ESO, Bacharelato, FP Básica, FP de grao medio e FP de grao superior) desenvolveranse actuacións destinadas a cada colectivo particular co obxectivo de proporcionar información actualizada das distintas opcións académico-formativas e

PROXECTO EDUCATIVO

laborais. Na etapa da ESO incidirase, ademais, en fomentar o axeitado coñecemento de si mesmo e os procesos de toma de decisións.

As actuacións de carácter xenérico por colectivos necesariamente han de complementarse cun asesoramento individualizado para o alumnado que así o solicite á orientadora. Ambas vertentes, á xenérica e a individual deben , por tanto, complementarse.

O Plan de Acción Titorial é o documento do Proxecto Educativo que serve de referencia á acción titorial, complemento indispensable da función docente na medida en que atende á dimensión persoal e non só académica do alumnado.

O profesorado titor é o nexo de unión entre o alumnado e o equipo docente, entre o profesorado e as familias, entre o alumnado e/ou as familias e o Departamento de Orientación. O titor/a é quen detecta, en primeira instancia, as dificultades e necesidades do alumnado, quen pon sobre aviso de circunstancias particulares do alumnado, quen mantén un contacto máis ou menos continuado coas familias.

O Departamento de Orientación manterá unha estreita colaboración co profesorado titor, especialmente en certos grupos de alumnado, que polas súas peculiaridades precisan dunha maior atención. Cítense como exemplo os grupos de FP Básica e os primeiros cursos da ESO. A título individual esta colaboración será tamén indispensable nos casos de alumnos con necesidade específica de apoio educativo e tamén naqueles que presentan problemas de comportamento.

O titor/a cumpre unha función esencial na detección e comunicación a Xefatura de Estudos dos casos de absentismo escolar e, como non, é o primeiro mediador nos casos de conflitos grupais.

A acción titorial grupal que se leve a cabo por parte do titor/a nos grupos que dispoñen de hora semanal de tutoría grupal (ESO e FP Básica) tentará fomentar a socialización e integración do alumnado, favorecer a convivencia, fomentar hábitos de traballo e técnicas de estudo , a adquisición de hábitos de ocio e lecer saudables, a prevención de adiccións, o fomento de habilidades sociais, a prevención do acoso escolar, etc.

En suma, a figura do titor/a é de suma importancia para o desenvolvemento social, persoal e académico dos seus titorandos e contará coa colaboración estreita do Departamento de Orientación.

PROXECTO EDUCATIVO

3.15. Coordinación entre o departamento de Orientación e as titorías.

A coordinación entre o Departamento de Orientación e os titores é fundamental para o bo funcionamento de distintos aspectos relacionados co grupo de titorandos e que inclúe desde a creación dunha boa dinámica grupal, a detección e atención ás necesidades educativas que poida presentar o alumnado, o contacto coas familias, a derivación de casos a servizos externos, etc.

Ao comezo do curso se lle facilitará ao profesorado titor o material básico para traballar nas horas de titoría.

O Plan de Acción Titorial establece que polo menos realizárase unha reunión mensual convocada por xefatura de estudos á que asistirán os titores e titoras e a orientadora para o seguimento da titoría nos diferentes grupos.

Isto non será óbice para que se estableza unha relación de carácter máis continuado co profesorado titor de determinados grupos. Os recreos son un bo recurso para o intercambio de información e a adopción de medidas ante situacións de carácter urxente, que xurdan no día a día.

3.16. Prioridades de actuacións das dinamizacións

Os obxectivos e liñas de actuacións das distintas dinamizacións recóllense no documento anexo Normas de Organización e Funcionamento dentro dos órganos de participación docente.

3.17. Documentos curriculares. Programacións didácticas. Programación de ACS

Ao inicio do curso escolar, o profesorado dos departamentos didácticos baixo a coordinación e dirección da respectiva xefatura de departamento, elaborará a programación didáctica das áreas, materias ou módulos integrados no departamento, tal e como se establece nas ordes pola que se aproba o calendario escolar.

A persoa que exerza a xefatura de departamento responsabilizarase da redacción da programación didáctica, tal e como se establece nos artigos **17.f)** e no

PROXECTO EDUCATIVO

artigo **25.c)** do Decreto 7/99 do 7 de xaneiro de 1999(DOG do 29 de xaneiro) e será a encargada de trasladar as programacións á xefatura de estudos.

Os elementos que, como mínimo, debe recoller a programación didáctica en ESO e BACHARELATO están recollidos no artigo 24.3 da Resolución do 15 de xullo de 2016 (DOG do 1 de agosto).

Co obxecto de que sexa común a estrutura das programacións dos distintos departamentos, o centro dispón dun documento que define a estrutura que debe seguir a programación didáctica, os apartados da programación e as instrucións para a súa elaboración.

O profesorado de formación profesional deberá utilizar para a elaboración e o seguimento das programacións dos módulos profesionais a aplicación informática web de programacións.

A adaptación curricular é unha medida extraordinaria de atención á diversidade que consiste na modificación dun ou máis elementos prescriptivos do currículo para atender ás necesidades educativas dun alumno/a motivadas tanto por unha determinada dificultade persoal como polas súas capacidades excepcionais.

Segundo o establecido na lexislación vixente (O. 6/10/95) o documento de adaptación curricular formará parte do expediente do alumno, precisará da autorización da Inspección educativa e deberá incluír os seguintes apartados:

- Datos persoais do alumno.
- Datos físicos e da saúde.
- Datos psicosociais máis relevantes.
- Datos do contorno sociofamiliar.
- Datos do contorno escolar.
- Datos pedagóxicos: áreas curriculares adaptadas, recursos e planificación do seguimento da adaptación.
- Profesionais participantes.

A adaptación curricular terá carácter individualizado e na mesma incluírase a opinión dos pais ou tutores legais do alumno/a.

PROXECTO EDUCATIVO

Atendendo á estrutura do currículo implantado pola LOE cada área curricular adaptada incluirá os seguintes apartados:

- Contidos.
- Criterios de avaliación.
- Estándares de aprendizaxe.
- Estándares de aprendizaxe da adaptación curricular.
- Grao mínimo de consecución.
- Competencias

Para a elaboración da adaptación curricular de área tomarase como referencia a programación do curso no que está escolarizado o alumno/a a partir da cal se realizarán as oportunas modificacións para adaptala ás necesidades educativas do alumno/a en particular.

A revisión das adaptacións implantadas no centro farase ao finalizar cada curso académico.

3.18. Seguimento, avaliación e actualización da concreción curricular

O PE concíbese como un documento “vivo”, susceptible de modificacións periódicas derivadas dos cambios normativos, das decisións da nosa comunidade educativa e, en xeral, dos resultados das avaliacións periódicas do propio proxecto. As memorias anuais serán os principais instrumentos desta avaliación da concreción curricular. Nelas, recolleranse, nun apartado específico, os resultados desta análise. E, lxicamente quedarán reflectidos na programación xeral seguinte. A CCP, órgano responsable de coordinar este proceso considerará entre outros, os seguintes aspectos:

- Os avances no desenvolvemento dos diferentes plans e programas de centro: Lector, Normalización, Convivencia, TIC...
- As estratexias, proxectos ou tarefas desenvolvidas en relación aos elementos transversais: a lectura, comprensión oral e escrita, TIC e todos aqueles outros traballados. Unha valoración que incluirá o grao de eficacia das metodoloxías

PROXECTO EDUCATIVO

activas, dos escenarios de aprendizaxe, da organización dos recursos, espazos e tempos, etc.

- O perfil competencial nos diferentes niveis e os procedementos e instrumentos da avaliación das competencias. A eficacia do deseño da avaliación inicial, das medidas de atención á diversidade despregadas; así como dos programas de apoio, reforzo ou recuperación.
- Unha reflexión global dos resultados das avaliacións internas, diagnósticas, externas, dos canles de información ás familias, das actividades extraescolares e complementarias, etc.

Finalmente, a memoria xeral incorpora as memorias das diferentes programacións de área nas que se avaliarán os Perfís de área das diferentes materias, tendo en conta, entre outras a eficacia da organización e secuenciación dos estándares de aprendizaxe avaliábeis e a adecuación dos procedementos e instrumentos de avaliación asociados.

4. OFERTA EDUCATIVA. ACTIVIDADES E SERVIZOS.

4.1. Oferta educativa.

EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA	BACHARELATO	CICLOS FORMATIVOS
1º, 2º, 3º e 4º ESO	<ul style="list-style-type: none"> • Artes • Ciencias • Humanidades e Ciencias Sociais 	<ul style="list-style-type: none"> • CS Estética Integral e Benestar • CM Estética e Beleza • CM Peiteado e Cosmética capilar • CB Peiteado e estética

EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

Impártense os catro cursos de ESO con itinerarios diferenciados unicamente en cuarto de ESO. Os criterios para establecer os itinerarios e a oferta de optatividade faise, tendo en conta a organización e dispoñibilidade de recursos, en cada curso escolar. A oferta e estudada na CCP e proposta no mes de maio ao claustro de profesorado para a súa aprobación. A oferta de materias específicas de opción sole

PROXECTO EDUCATIVO

ser moi restrinxida debido ao número insuficiente de alumnos e alumnas nos cursos de terceiro e cuarto de ESO.

En primeiro curso de ESO elíxese, para todo o grupo, como **materia de libre configuración** Promoción de Estilos de Vida Saudables. A razón da súa elección é porque consideramos que esta materia constitúe unha ferramenta que canaliza a necesidade de educar ao alumnado na importancia duns hábitos saudables, mediante a actividade física e alimentación, para mellorar a súa calidade de vida na idade adulta.

En segundo de ESO optase pola materia de Investigación e tratamento da información co obxectivo de desenvolver no alumnado habilidades en relación coa información en diferentes soportes e formatos; ligada á biblioteca escolar como centro de recursos de lectura, información e aprendizaxe.

BACHARELATO

Impártense as tres modalidades de bacharelato: Artes, Ciencias e Humanidades e Ciencias Sociais. Procurase definir os itinerarios de acordo coa modalidade de bacharelato elixida e co obxecto de facilitarlle ao alumnado a continuidade a estudos superiores. A oferta de optatividade de materias específicas e de libre configuración está condicionada pola dispoñibilidade de profesorado e estúdase cada curso escolar nas reunións de traballo da Comisión de Coordinación Pedagóxica.

Segundo tamén a proposta da CCP, ofrécense como materias de libre configuración autonómica Antropoloxía e Robótica en primeiro de bacharelato e Ética e Filosofía do Dereito e Métodos Estatísticos e Numéricos en segundo de bacharelato.

Como **materias de libre configuración propias do centro**: Cinema e Literatura en primeiro de bacharelato e Retórica e Oratoria en segundo de bacharelato.

A materia de Cinema e Literatura contribúe a desenvolver destrezas vinculadas directamente con tres competencias clave: a comunicación lingüística, dado que potencia a mellora na capacidade comunicativa do alumnado, sobre todo de carácter oral, e o coñecemento de léxico específico literario e cinematográfico; a relativa á conciencia e expresións culturais, pois trata directamente con dúas formas artísticas clave para o desenvolvemento cultural na sociedade actual; e a competencia social e cívica, se temos en conta que moitos dos contidos traballados serán susceptibles dunha análise crítica de carácter ético e moral. Non podemos esquecer tampouco o

PROXECTO EDUCATIVO

tratamento da competencia dixital a través do emprego das TIC ou a de aprender a aprender, que acadará especial relevancia nas investigacións persoais que poida desenvolver o alumnado ao longo do curso.

A elección da materia Retórica e Oratoria responde a que é unha materia transversal a distintos campos do saber. A comprensión da teoría e a adquisición da práctica retórica resulta de especial utilidade para calquera estudante como futuro cidadá dunha sociedade democrática e, especialmente, para aqueles que van desenvolver unha profesión relacionada co exercicio da palabra pública.

CICLOS FORMATIVOS

Impártense dous ciclos de grao medio e un superior da familia profesional de Imaxe Persoal; ademais o ciclo de Formación Profesional Básica de Peiteado e estética.

Acceden a estes estudos alumnado de toda a comarca e de forma habitual a demanda sempre supera a oferta.

Colaboran co centro educativo máis de cen empresas do sector de Imaxe Persoal o que nos permite adaptar o perfil de alumnado á empresa na que realiza a FCT.

Ciclos de grao superior:

- Estética Integral e Benestar

Ciclos de grao medio

- Estética e Beleza
- Peiteado e Cosmética capilar

Ciclos de FP Básica

- Peiteado e estética

Impártense ademais, como centro asociado do IES Rodolfo Ucha Piñeiro, os módulos asociados aos bloques comúns: Comunicación e sociedade e Ciencias aplicadas dos dous cursos de FPB Informática de oficina.

PROXECTO EDUCATIVO

4.2. Actividades e programas que ofrece.

PROGRAMA ÉXITO ESCOLAR

A participación nos contratos -programa constitúe un instrumento de apoio que permite desenvolver un plan de mellora en función das necesidades detectadas e do proxecto educativo, potenciar de forma prioritaria, o desenvolvemento das competencias clave, mellorar a convivencia, afondar no logro da excelencia educativa, reducir as taxas de abandono escolar temperá así como proporcionar atención educativa para a compensación de desigualdades na educación.

Analizando as necesidades do centro cada curso escolar solicítanse as actuacións máis adaptadas. De forma habitual o centro participa neste programa con tres liñas liñas de actuación:

- *Programa de Orientación, reforzo e apoio.* Programa de axuda ao estudo e destinado ao alumnado de 1º, 2º e 3º ESO.
- *Mellora de coñecementos para acadar a excelencia* dentro do programa de éxito escolar, supón para o alumnado participante un xeito distinto de traballar axudándolles no desenvolvemento das competencias clave e conseguindo unha eficaz motivación do alumnado. Propicia o traballo multidisciplinar e favorece a coordinación entre o profesorado.
- *Mellora da convivencia* nos centros e da prevención do abandono temperán e do absentismo escolar. Destinado ao alumnado de 1º e 2º ESO e FP Básica que presenta alteracións de comportamento ou graves problemas de conduta e, puntualmente alumnado absentista.

PLAN PROXECTA

Cada curso escolar, en función dos programas educativos ofertados, solicítase a participación no Plan Proxecta, perseguindo dous obxectivos principais:

- Fomentar o traballo colaborativo do alumnado e profesorado implicado no proxecto a través de tarefas interdisciplinares.
- Implicar ao alumnado no desenvolvemento dos plans.

PROXECTO EDUCATIVO

PROGRAMA FROITA NA ESCOLA

Dirixido ao alumnado de ESO co obxectivo de promover os estilos de vida saudable.

PROXECTOS SOLIDARIOS

A comunidade educativa do IES implícase en diversos proxectos solidarios que teñen como finalidade obter fondos colaborando en campañas de recollida de roupa coa ONG Global Humanitaria, Km de solidariedade con Save the children ou aportando alimentos co Banco de Alimentos da zona.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

A oferta de actividades complementarias e extraescolares é ampla e variada mediante actividades formativas que fomentan a convivencia

Durante todo o curso escolar tratarase de fomentar os hábitos saudables e a educación medioambiental fóra e no espazo de propio instituto.

GRUPO DE TEATRO TIXUCA

Tixuca é un grupo de teatro estable que leva funcionando no centro moitos anos. Cada curso hai novas incorporacións de alumnado. Dirixido pola profesora de Artes_escénicas que ademais é responsable da dinamización e normalización lingüística.

Ten como obxectivos:

- Iniciar ao alumnado no coñecemento e aprecio das artes escénicas, favorecendo valores como a cooperación, a tolerancia, o respecto, a responsabilidade e todos os que están implicados no traballo en equipo.
- Facilitar ao alumnado a aprendizaxe de técnicas útiles para os seus estudos e para a vida en xeral de vocalización, de relaxación, de expresión oral e corporal...

PROXECTO EDUCATIVO

- Comprender que o teatro é unha forma de expresión artística de longa tradición na nosa cultura.
- Dar a oportunidade de que o alumnado coñeza e descubra o seu propio talento.
- Mellorar o autocoñecemento e a autoestima.
- Potenciar a reflexión e análise crítico sobre la realidade.

5. FORMAS DE COLABORACIÓN E PARTICIPACIÓN ENTRE OS DISTINTOS SECTORES DA COMUNIDADE EDUCATIVA.

Para conseguir os obxectivos propostos é imprescindible a colaboración de todos os sectores da comunidade educativa.

Co noso centro adscrito, CEIP Manuel Masdías, mantense unha relación correcta, procurando traballar conxuntamente sobre todo no que se refire á recepción do alumnado proveniente do 6º curso de primaria.

Mantéñense excelentes relacións coas empresas que colaboran no período de formación da FCT do alumnado dos ciclos de imaxe persoal.

A normativa vixente establece unha serie de órganos de coordinación e participación, reflectidos no organigrama, que se foron consolidando como canles de participación no noso IES poñendo de manifesto a interrelación entre as distintas estruturas organizativas, de xestión e participación a través de diferentes medios: guías de alumnado e familias, consello escolar e comisións do consello, horario diario de atención ao público en secretaría, información en conserxería e taboleiros, xunta de delegados, horas semanais de tutorías e atención a familias, reunións de orientación, páxina web, comunicación coas familias a través de correos electrónicos e sms...

PROXECTO EDUCATIVO

6. NORMAS DE ORGANIZACIÓN, FUNCIONAMIENTO E CONVIVENCIA.

As NOF, que se inclúen como anexo, concretan a estrutura organizativa do centro, as canles de participación dos distintos sectores da comunidade educativa e as normas básicas de funcionamento e convivencia. Desenvólvense recollendo os nosos sinais de identidade baseados na misión, visión e estratexias no proxecto educativo, de acordo co que recolle a lei 4/2011 e decreto 8/2015.

As normas básicas de organización e funcionamento son de obrigado cumprimento.

7. MECANISMOS E INDICADORES DE AVALIACIÓN DO PE.

Se o proxecto educativo recolle os valores, obxectivos e prioridades de actuación que o centro pretende alcanzar resulta imprescindible a súa avaliación para introducir as modificacións necesarias para a mellora da consecución dos obxectivos plantexados. Mediante o proceso de avaliación poténsiase a capacidade de valoración obxectiva dos aspectos clave no funcionamento do centro e favorécese un proceso de análise para poder realizar propostas de mellora.

A avaliación terá como referentes os obxectivos recollidos no proxecto educativo e incluírá unha medición de distintos indicadores que permitan valorar o grao de cumprimento.

Entre os indicadores que poden ser obxecto de seguimento para valorar o funcionamento do proxecto educativo:

a) Ensinanza e aprendizaxe

- Porcentaxe de alumnado con avaliación positiva en todas as materias
- Porcentaxe de alumnado que consegue promocionar e titular
- Taxa de idoneidade
- Porcentaxe de superación das probas ABAU ou similares
- Planificación efectiva da práctica docente. Horas de docencia directa e temas impartidos.

PROXECTO EDUCATIVO

- ...

b) Atención á diversidade

- Porcentaxe de alumnado con ACS e reforzo educativo que logra promocionar
- Porcentaxe de alumnado que con materias pendentes consegue promocionar
- ...

c) Convivencia

- Porcentaxe de alumnado sen incidentes de convivencia
- Porcentaxe de faltas graves de convivencia respecto do total de incidentes
- Porcentaxe de alumnado absentista
- ...

d) Programas que desenvolve

- Éxito escolar
- Plan proxecta
- PFPP

e) Outros

- Valoración da acción tutorial
- Valoración subxectiva de familias, alumnado e profesorado
- ...

Cada dous anos elaborárase, para aprobación polo consello escolar, unha memoria de autoavaliación, coas aportacións que realice o claustro de profesorado, coordinadas pola comisión de coordinación pedagóxica e que incluírá:

- Unha valoración de logros e dificultades a partir da información recollida pola dirección do centro a través dos indicadores.

PROXECTO EDUCATIVO

- Propostas de mellora.

O proxecto educativo ten carácter plurianual pero se pode actualizar ou, se é o caso, modificar, despois de cada proceso de autoavaliación.

Os indicadores de autoavaliación do proxecto educativo detállanse en anexo.

8. ASPECTOS BÁSICOS DOS DIFERENTES PROXECTOS DO CENTRO.

PROXECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO

Segundo o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.

- **Decisión do centro respecto da lingua en que se impartirán as materias da ESO, Bacharelato e Ciclos Formativos.**

En relación ao reparto lingüístico por materias que o centro debe realizar, e dado que polas propias condicións de acceso ao exercicio docente na nosa comunidade todo o profesorado está supostamente capacitado para desenvolver as súas funcións en ambas as linguas oficiais, preferimos non facer unha asignación inicial e apelar a que sexa o propio profesorado quen, nos organismos correspondentes (CCP, Claustro) voluntariamente se decante por unha ou outra opción. De non acadar as porcentaxes legais estipuladas nos distintos niveis educativos, o centro asignará por sorteo as linguas oficiais que corresponderán a cada materia durante o presente curso, facendo anualmente un proceso semellante, agás que haxa cambios nas decisións do profesorado.

- **Medidas adoptadas para que o alumnado que non teña o suficiente dominio das linguas poida seguir con aproveitamento as ensinanzas que se imparten.**

De cara á integración do alumnado inmigrante, ou que no poida pedir exención sería conveniente a creación dunha aula de integración, tanto en lingua galega como

PROXECTO EDUCATIVO

castelá, para que o alumnado adquira a ferramenta gramatical básica que lle permita o aproveitamento do curso.

- **Os procedementos que se establecen para que en FP se asegure que o alumnado acada a competencia propia do nivel en ambas as linguas oficiais.**

O Decreto estende á FP a necesidade de garantir a plena competencia lingüística nas dúas linguas oficiais así como o desenvolvemento comunicativo en linguas estranxeiras para o desempeño laboral no espazo europeo (Art. 22). Pódese estimular o uso das nosas linguas oficiais a través da docencia, tanto do uso oral como escrito, aínda que isto non garantiría de por si un nivel óptimo de competencia lingüística. A introdución da comunicación oral e escrita nunha lingua estranxeira non ten cabida nos currículos dos ciclos de imaxe persoal aínda que o seus perfís profesionais esixirían un programa de formación serio.

En relación ao reparto lingüístico por materias séguense os mesmos criterios que na ESO e Bacharelato.

- **Obxectivos xerais e as liñas de actuación deseñadas polo centro para o fomento da lingua galega.**

Reflictese no proxecto de fomento de uso do galego que se elabora ao inicio de cada curso escolar e que se inclúe na PXA.

PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

A atención á diversidade é unha necesidade que abrangue todas as etapas educativas e a todo o alumnado do centro. Enténdese por diversidade as diferenzas que presenta o alumnado ante as aprendizaxes escolares e as distintas causas a que poden atribuírse: aptitudes, intereses, motivacións, capacidades, ritmos de maduración e estilos de aprendizaxe, experiencias e coñecementos previos, contornas sociais e culturais, etc. Dadas as peculiaridades do noso centro poderíamos dicir que as necesidades educativas máis notables se concentran nos grupos de 1º e 2º de ESO e tamén nos grupos de FP Básica de Peiteado e Informática. Se ben é certo que as necesidades que presentan moitos dos alumnos son debidas a unha multicausalidade non podemos obviar catro factores presentes nas nosas aulas: en primeiro lugar,

PROXECTO EDUCATIVO

presenza de alumnado con un reiterado absentismo escolar que repercute moi negativamente no seu proceso educativo. En segundo lugar, un número significativo de rapaces viven inmersos nun entorno socioeconómico e cultural deteriorado e as problemáticas de índole familiar condicionan moito a súa evolución académica. En terceiro lugar, a existencia dunha porcentaxe de alumnado de etnia xitana que se relaciona de xeito moi evidente cun abandono temperá dos estudos e falta de motivación escolar (salvo determinadas excepcións).

Por último, ter en conta a presenza de catro grupos de alumnos de FP Básica que destacan pola súa heteroxeneidade en canto a aprendizaxe, circunstancias sociofamiliares adversas e, en moitos casos, situacións persoais e condutuais moi particulares.

Estes catro factores diferenciais, unidos á normal e lóxica diversidade en canto a capacidades, dificultades de aprendizaxe persoais conforman un complexo panorama que tamén requirirá dunha complexa rede de medidas.

O Plan de Atención á Diversidade é o documento marco onde se regula a atención á diversidade no noso instituto. A súa concreción anual na Programación do Departamento de Orientación tentará dar resposta ás necesidades de índole educativa, pero tamén persoal e social detectadas no centro e conxugadas coa dispoñibilidade de recursos existente para acadar unha evolución o máis óptima posible.

Un primeiro paso, imprescindible, para artellar as medidas de atención á diversidade é o da detección de necesidades. Cada ano e en base á información recompilada dos expedientes académicos do alumnado, da información aportada polo departamento de orientación do centro adscrito CEIP Manuel Masdías, das entrevistas mantidas con algunhas familias e da análise das medidas adoptadas o curso anterior establecerase un “mapa de necesidades educativas” ao que se tentará dar resposta cos recursos de que dispoñemos.

As medidas de atención á diversidade abranguerán desde medidas de carácter xeral adoptadas a nivel centro, medidas de carácter organizativo, medidas de carácter metodolóxico ata medidas de carácter curricular e máis individualizadas.

Sen ánimo de clasificar de xeito detallado (xa que iso compete ao Plan de Atención á Diversidade) e só a título de exemplificar accións e medidas adoptadas no centro nos precedentes cursos e por crer que resultan as máis axeitadas e as que mellor responden ás nosas necesidades particulares podemos citar:

PROXECTO EDUCATIVO

- Canles de participación/información/implicación das familias no proceso educativo dos seus fillos con accións como xornadas de acollida para país, reunións cos titores, servizo de mensaxería instantánea, etc.
- Accións destinadas a favorecer a transición de primaria a secundaria.
- Control do absentismo escolar na etapa da ESO.
- Plans de recuperación de materias pendentes.
- Programa de acompañamento e reforzo fóra de horario lectivo (PROA)
- Desdobres de grupos en 1º e 2º de ESO priorizando as áreas instrumentais.
- Reforzo de alumnado exento da 2ª lingua estranxeira.
- Incorporación de profesorado como apoio á aula ordinaria.
- Aula de traballo individualizado
- Apoio dentro/fóra da aula por parte do profesorado de Pedagogía Terapéutica.
- Adaptacións curriculares
- Seguimento individualizado de determinados alumnos por parte do Dpto. de Orientación.
- Programa de mellora da convivencia e igualdade de xénero (Plan Proxecta) enfocado á intervir en situacións de determinados alumnos e as súas familias e tamén a actuacións que favorezan a convivencia nas aulas.

Pola contra, existen outras medidas, que aínda que contempladas na lexislación vixente non se axustan demasiado ás particularidades do noso centro. Poñamos por exemplo os PREMAR, programas de reforzo e mellora da aprendizaxe, non viables para nós polo escaso número de alumnado matriculado na ESO, que normalmente se reduce considerablemente nos grupos de 3º e 4º debido á taxa de abandono escolar.

PROXECTO EDUCATIVO

PLAN DE CONVIVENCIA

O plan de convivencia, integrado como anexo, recolle as actuacións para conseguir os obxectivos aos que aspiramos, prestándolle especial atención ás relativas á prevención de conflitos:

- Plan de acollida para alumnado e profesorado novo. Ten como obxectivo facilitar a integración no centro de forma satisfactoria.
- Medidas de carácter organizativo que posibiliten a adecuada vixancia dos tempos e espazos. Zonas delimitadas para a estancia do alumnado de ESO nos períodos de lecer que reduzan as posibilidades de conflito e mellores a eficacia do profesorado nas gardas de lecer.
- Labor titorial e educación en valores. A acción titorial é a actividade docente máis indicada para traballar co alumnado a convivencia escolar e resolución de conflitos, sen esquecer que esta tarefa é responsabilidade de toda a comunidade educativa. O PAT guía a acción de todos os docentes do centro nas tarefas titoriais e presta especial interese á promoción da convivencia e o tratamento de conflitos.
- Fomentar a realización de actividades complementarias e extraescolares que pola súa natureza favorezan a convivencia. As viaxes que mostran outras realidades e culturas reforzan a tolerancia ao diferente proporcionándolle ao alumnado unha perspectiva máis ampla.
- Actividades de sensibilización da comunidade educativa. A través do departamento de Orientación e departamentos didácticos mediante a organización de charlas formativas que axuden a previr os casos de acoso e intimidación entre iguais, o uso adecuado das TIC, a igualdade entre homes e mulleres para previr situacións de violencia de xénero e actividades dirixidas a previr a non discriminación por razón de raza, sexo, procedencia e condición persoal ou social, valorando a diversidade como un feito enriquecedor. As conmemoracións do calendario escolar constitúen unha excelente oportunidade para educar en valores.
- Medidas de atención á diversidade e problemas de aprendizaxe. As medidas que se adopten para propiciar a mellor e máis xusta atención educativa ao alumnado, tamén serán medidas que contribuirán á mellora da convivencia. Non é posible educar para a convivencia se non conseguimos que os alumnos encontren sentido á súa presenza no centro educativo a través da aprendizaxe.

PROXECTO EDUCATIVO

- Conseguir a colaboración das familias no proceso de ensino - aprendizaxe.
- Mellorar os procedementos establecidos para fomentar a implicación e colaboración das familias na educación escolar dos seus fillos.
- Colaboración con profesionais e servizos con carácter educativo, sanitario ou de protección ao menor que poidan incidir en casos concretos do centro.
- Planificación de actividades que favorezan a integración das familias no centro e promovan a mellora do clima de relacións, colaboración e solidariedade e educación en valores.

PROXECTO LECTOR

É necesario, antes de tratar os obxectivos, ter en conta as **dificultades** que presentan moitos estudantes na comprensión lectora. Expoñemos unha lista orientativa baseada na práctica docente:

- Non recoñecen as ideas fundamentais do texto.
- Teñen dificultades para interpretar os datos de textos discontinuos: tablas, gráficos, diagramas, etc.
- Amosan deficiencias nos coñecementos gramaticais.
- Son incapaces de atopar contidos implícitos.
- Rexeitan e non valoran as tarefas de subliñar, facer esquemas, mapas conceptuais, resumos, etc.
- Non van máis alá do texto para establecer relacións con outros textos ou coa realidade.
- Presentan unha pobreza semántica alarmante.
- As súas reflexións non teñen en conta o texto e son moi incompletas.
- Discurso oral atrofiado e pobre de contidos.
- Non saben facer deducións.

PROXECTO EDUCATIVO

- A composición de hipertextos é moi deficiente. Teñen moitas dificultades para integrar e sintetizar información de fontes diversas.

En consecuencia, presentamos de maneira sumaria os **obxectivos** do noso Proxecto Lector de centro:

- Enriquecemento do universo semántico. Aprender a corrección gramatical.
- Cultivar a perspectiva interdisciplinar.
- Dominio das estratexias de lectura que favorecen a economía no esforzo, a obtención e asimilación de contidos informativos.
- A capacitación nas técnicas de estudo.
- Ler para aprender.
- Progreso nos aspectos da comprensión lectora: extraer información, interpretar, reflexionar e organizar.
- A integración das TIC na formación de lectores competentes.
- Instruír na actitude do bo lector: control da concentración, disciplina cognitivo-afectiva, superar o medo escénico a ler, o valor do silencio, acondicionamento espacio-temporal, etc.
- Utilizar o acto lector como reforzo positivo da autoestima do individuo.
- Pretendemos chegar á lectura comprensiva mediante a escritura.
- Fomentar a lectura no tempo de ocio fértil, para consolidar un hábito que se fundamenta na motivación intrínseca.
- Ofrecer os materiais e actividades necesarios para descubrir o poder trascendente da lectura no acceso a outras realidades. Ler alimenta a imaxinación e a creatividade.
- Fomentar as actividades baseadas no diálogo construtivo : club de lectura, obradoiro de lecturas científicas, etc.

PROXECTO EDUCATIVO

9. PUBLICIDADE E DIVULGACIÓN DO PE.

Para garantir a difusión do Proxecto educativo unha copia impresa do mesmo estará á disposición de toda a comunidade educativa na secretaría do centro e de forma permanente na páxina web (O instituto- Documentación- Documentos singulares).

Daráselle especial publicidade no inicio de curso nas reunións do profesorado titor cos grupos de alumnado e familias.

10. ANEXOS.

- INDICADORES AUTOAVALIACIÓN DO PE
- PLAN DE CONVIVENCIA
- NOF
- PROXECTO LECTOR
- PROXECTO LINGUISTICO
- PAT
- PXAD
- POAP
- PLAN AUTOPROTECCIÓN